

## O BOTICARIO, O PARVO E AS MOSCAS

Un home que tiñan por medio aparvado entrou unha vez na botica e díxolle ao boticario:

—¡Ai, señor! ¡Moitas moscas ten aquí!

—Pois mira —díxolle o boticario—, por cada mosca que mates douche un peso.

O home puxo de testemuñas á xente que había na botica e púxose a matar moscas xuntando vinte ou vinte e cinco.

O boticario ía mirando unha por unha, e íalle dicindo según as separaba:

—Esta é mosco.

Separaba outra e dicía igual:

—Esta é mosco.

E así todas. Ningunha era mosca, todos eran "moscos". Claro, non lle deron ningún peso e fixéronlle a risa.

Pero aquel paisaniño tiña colmeas, e todos os anos mandáballe a proba do mel ao boticario. Así que lle chegou a hora de mandarlle o mel, foi ás cortes e colleu un pouco de bosta das vacas e mesturouno co mel que lle ía mandar ao boticario.

Pasou tempo e un día que foi o home pola botica, preguntoulle ao boticario se lle gustara o mel.

O boticario contestoulle:

- Home, esta vez non estaba nada bo. Mesmo parece que sabía a merda, con perdón.

- E mais a tiña – díxolle o medio parvo-. Pero, mire, señor: o que lle sabe separar as moscas dos moscos, ¡que separe a merda do mel!